

## BASES DO CAMPUS-TEA URBANO 2020

### Artigo 1.- CONCEPTO.

O Campus-Tea é unha oferta formativa, que tendo como fin principal a conciliación familiar coa laboral, fomenta a atención á infancia e xuventude, a xestión social do noso patrimonio e medioambiente e a dinamización cultural.

Cunha programación que combina o xogo, as saídas didácticas, con actividades creativas, culturais e de coñecemento do entorno próximo, dende unha pedagogía do lecer baseada na educación en igualdade e hábitos saudables.

### Artigo 2.- DESTINATARIOS.

- Campus-Tea está dirixido aos nenos e nenas das etapas de Educación Infantil e Educación Primaria, preferentemente empadroados no Concello de Ponteareas.
- Cada usuario pode solicitar varias quendas, que serán adxudicadas sempre que os demais solicitantes podan acceder polo menos a unha delas. Polo que se farán constar por orde de preferencia na solicitude.

### Artigo 3.- LUGAR, DATAS, HORARIO, NÚMERO DE PRAZAS E PREZO DO CAMPUS-TEA.

O Campus-Tea 2020 terá lugar nas Instalacións do CEIP “Nosa Sra. dos Remedios” de Ponteareas, sito na rúa Azorín de Ponteareas e/ou no CEIP “Fermín Bouza Brey”, sito na rúa do mesmo nome.

#### QUENDAS:

##### MES DE XULLO:

- 1ª Quenda, do 1 ao 15 de xullo  
Horario: De luns a venres, de 9 a 14 h.  
Nº máximo de prazas: 100
- 2ª Quenda, do 16 ao 31 de xullo  
Horario: De luns a venres, de 9 a 14 h.  
Nº máximo de prazas: 100

##### MES DE AGOSTO:

- 1ª Quenda: do 1 ao 15 de agosto  
Horario: de luns a venres, de 9 a 14 h.  
Nº máximo de prazas: 50
- 2ª Quenda: do 16 ao 31 de agosto  
Horario: de luns a venres, de 9 a 14 h.  
Nº máximo de prazas: 50

Calquera das 4 quendas deberá ter un número mínimo de 25 participantes/quenda para realizarse.

**PREZO:** O Campus-Tea 2020 está subvencionado pola Concellería de Ensino, a parte que abonarán as familias, directamente a empresa encargada do campamento, é:

- 47,10 €/participante.
- Menores con informe de Servizos Sociais: 0 €

Todas as quendas teñen a posibilidade de **AULA MATINAL**

Horario: de 7.30 a 9 h

Prezo: 12 €/participante/quenda

O número mínimo de participantes serán 12 por quenda para poder realizarse esta prolongación horaria.

#### **Artigo 4.- PREINSCRICIÓN.**

O prazo de Preinscrición será do **10 ao 18 de xuño de 2020**. As bases e o impreso (Anexo I), de Preinscrición do Campus-Tea poderán obterse de luns a venres en horario de 9 a 14 h. na Oficina de Ensino, no andar baixo ou no Rexistro Xeral do Concello de Ponteareas ou ben directamente na Sede Electrónica do Concello de Ponteareas.

#### **DOCUMENTACIÓN.**

- Impreso de preinscrición debidamente cumprimentado.
- Certificado de empadramento para os que non estén censados no Concello de Ponteareas (Aos empadrados en Ponteareas, faráselle a comprobación de oficio),
- Se fora o caso, Certificado de matrícula escolar ou documento que acredite o enderezo onde radica o lugar de traballo do pai ou nai do usuario/a, segundo corresponda.
- Certificado que acredite a actividade laboral dos proxenitores ou titores.
- Acreditación de familia monoparental ou monomarental, se procede.
- Informe do Servizo Social, se procede.
- Situación de Violencia de Xénero segundo o establecido na Lei 12/2016, se procede.
- Certificado de discapacidade (igual ou menor que o 65%) e/ou con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), se procede.

**LUGAR DE PRESENTACIÓN.-** Rexistro xeral do Concello de Ponteareas, en horario de 9 a 14 h. o una Sede Electrónica do Concello de Ponteareas do 10 de xuño ás 0 h, ata o 18 de xuño ás 24 h.

#### **Artigo 5.- BAREMO DE PRIORIDADE PARA ADXUDICACIÓN DE PRAZAS ÁS FAMILIAS.**

1. Familias con menores empadrados no Concello de Ponteareas con informe de Servizos Sociais. Reserva de 3 prazas por quenda.
2. Familias con menores empadrados no Concello de Ponteareas, afectados dalgún tipo de discapacidade (ata o 65%) e/ou con Necesidades Educativas Especiais. Reserva de 3 prazas por quenda.
3. Familias monoparentais ou monomarentais con menores empadrados no Concello de Ponteareas.
4. Nenos/as de mulleres que están ou estiveron en situación de Violencia de Xénero.
5. Familias numerosas con menores empadrados no Concello de Ponteareas.
6. Familias con menores empadrados no Concello de Ponteareas, cando asista a actividade a/o segunda/o irmá/n.

7. Familias empadroados/as no Concello de Ponteareas cos dous pais, nais ou titores ocupados laboralmente.
8. Familias empadroados/as no Concello de Ponteareas con algún dos pais, nais ou titores ocupados laboralmente.
9. Familias empadroados/as no Concello de Ponteareas con ningún dos pais, nais ou titores ocupados laboralmente.
10. Nenos/nenas que non estando empadroados/as no Concello de Ponteareas, están matriculados/as nun centro educativo de Ponteareas ou os seus pais, nais ou titores traballan no termo municipal. (Achegar documentación acreditativa da empresa ou centro educativo no momento da preinscrición).
11. Nenos/nenas non empadroados/as en Ponteareas nin cos pais, nais ou titores traballando no municipio.

Unha vez que remate o prazo de preinscrición, as solicitudes, clasificaranse por grupos segundo os criterios arriba establecidos, e elaborárase unha listaxe provisional que será publicada para o seu coñecemento e posibles reclamacións.

Os irmáns inscritos na mesma actividade e que así o manifesten, participarán na mesma quenda.

#### **Artigo 6.- ADXUDICACIÓN DE PRAZAS.**

No caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles en cada quenda, estarán admitidas todas as solicitudes. Cada quenda deberá ter un número mínimo de 25 participantes para realizarse.

Se houbera un número maior de solicitudes para cada quenda, iranse cubrindo as prazas dándolle prioridade ás familias segundo os criterios establecidos no artigo 5 das presentes bases, ata cubrir o número total de prazas.

No caso de que na mesma quenda, o número de prazas sexa menor aos de rapaces que se atopen na mesma situación familiar, farase un sorteo público entre os rapaces dese mesmo grupo de familias que se atopan nas mesmas circunstancias, e os que queden fora, terán dereito a obter directamente praza na segunda preferencia. Para a lista de agarda de cada quenda farase un sorteo seguindo os mesmos criterios.

Seguirase o mesmo procedemento ata cubrir o número total de prazas. O sorteo realizarase o día 19 de xuño ás 10:00 h no salón de plenos da Casa do Concello.

O resultado do sorteo, no caso de realizarse, e as listas de agardas, expóranse públicamente o día 19 de xuño nos taboleiros oficiais do Concello de Ponteareas e na páxina web do Concello <https://ponteareas.gal>.

#### **Artigo 7.- RESERVA PRAZAS DE EMERXENCIA SOCIAL, DISCAPACIDADE E/OU NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.**

Por cada quenda reservaranse:

- 3 prazas para casos de Emerxencia Social derivados dos Servizos Sociais Municipais previo informe técnico.

- 3 prazas para favorecer a incorporación de menores afectados dalgún tipo de discapacidade (ata o 65%) e/ou necesidades específicas de Apoio Educativo (NEAE).

**Artigo 8.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS.**

A efectos de información e posibles reclamacións publicarase a listaxe provisional de admitido/as nos taboleiros do Concello e na web do Concello <https://ponteareas.gal> o 19 de xuño.

**Artigo 9.- RECLAMACIÓNS, FORMA, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN.**

As reclamacións faranse mediante a presentación do impreso de Reclamacións (ANEXO II) publicado nas bases.

PRAZO: Entre o 20 e o 23 de xuño.

LUGAR: Rexistro Xeral do Concello de Ponteareas, de luns a venres en horario de 9 a 14 h ou ben directamente na Sede Electrónica do Concello ata o 23 de xuño ás 24 h.

**Artigo 10.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS.**

Publicarase a listaxe definitiva o día 24 de xuño nos taboleiros do Concello e na páxina web do Concello <https://ponteareas.gal>.

**Artigo 11.- PRAZO DE INSCRICIÓN, ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN E ABONO DA COTA.**

Unha vez comprobada a lista definitiva, as persoas que figuren como admitidos/as, deberán formalizar a inscrición entregando a documentación solicitada no prazo e lugar segundo o establecido a continuación:

PRAZO: do 24 ao 27 de xuño.

**DOCUMENTACIÓN:**

- Inscrición da/o participante, coas autorizacións precisas.
- Copia da Tarxeta Sanitaria.
- Foto tamaño carné.
- DNI do pai ou nai do usuario/a.
- Xustificante de pago das quendas concedidas mediante transferencia na conta que figura no impreso correspondente a favor da empresa adxudicataria do servizo.

LUGAR: Entregarase a documentación anterior no Departamento de Ensino, no andar baixo do Concello de Ponteareas.

**Artigo 12.- VACANTES**

As vacantes que se produzan por non presentar a documentación, por presentala fóra do prazo establecido ou por renuncia á praza adxudicada, serán ofertadas aos solicitantes que figuran nas listaxes de non admitidos, que quedarían en reserva.

Os solicitantes serán avisados telefonicamente de luns a venres, en horario de 9 a 14 h, se a terceira chamada, que quedará rexistrada nunha listaxe, non hai resposta pasarase ao seguinte da lista.

Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofertada, deberase presentar a documentación requirida nun prazo máximo de 48 horas, de non facelo así, a praza será ofertada ao seguinte da listaxe de agarda.

**Artigo 13.- RENUNCIA Á PRAZA E DEVOLUCIÓN DA COTA.**

No caso de que, por algún motivo xustifico, houberse que renunciar á praza, comunicáraselle por escrito á Concellería de Ensino.

Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente, o/a interesado/a non puidese asistir á actividade por **causa de forza maior**, só terá dereito á devolución da cota no caso de que comunique e xustifique a renuncia por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada antes das 48 horas do inicio da actividade.

**Artigo 14.-** As familias deberán ter en conta que pola situación de crise sanitaria por mor do COVID-19 as actividades poden sufrir modificacións ou adaptacións, seguindo as indicacións das autoridades sanitarias.

Se o Concello de Ponteareas tivese que cancelar definitivamente o Campus Tea Urbano, todas as familias inscritas serán avisadas á maior brevidade posible mediante notificación da Concellería de Ensino e se procederá a reembolsar as cantidades abonadas polo Campamento por parte da empresa encargada da xestión.

**Artigo 15.- COMPROMISO DE ACEPTACIÓN.**

A inscrición nestas actividades supón o compromiso de aceptación destas normas.

M. Cristina Fdez. Davila.

Concelleira de Ensino, Eventos, Saúde e Consumo.